

Esquema para elaborar a pregunta sobre a análise comparativa:

1º Comezar coa contextualización histórica (época a que pertencen os elementos comparados e cronoloxía)

Durante a Guerra de Independencia (1808-1814) se produce o inicio da crise do Antigo Réxime representado polo enfrontamento entre o liberalismo e o absolutismo.

2º Definición dos elementos comparados, nomes dos seus líderes ou partidos no caso de que haxa coñecidos.

A monarquía absoluta, pilar político do antigo réxime, que xunto a sociedade estamental e o feudalismo o definen, estaba defendida polos fernandinos absolutistas, que eran maioría e abranguían principalmente a nobreza e o clero e o campesiñado manipulado polo clero. Pola contra, os fernandinos liberais defendía a necesidade de introducir unha monarquía constitucional e estaban representados pola burguesía, parte do artesanado urbano e unha minoría da nobreza e do clero ilustrados.

3º Explicar características en modo comparativo (a redacción ten que deixar claro que se comparan os elementos coas súas semellanzas e diferenzas pero tamén teñen que estar explicados cada un). O ideal é que se anticipen as posibles preguntas que poden entrar nunha análise comparada e se desglosen nun pequeno esquema os elementos similares e os diferentes xerarquizados en orde de importancia.

As principais características deben estar explicadas (na rúbrica esixen dúas nas que se afonden) e o resto poden estar de xeito máis superficial.

Ámbolos dous son sistemas políticos antagónicos que difiren esencialmente en onde reside a soberanía e na concepción da igualdade xurídica que deriva do ius naturalismo liberal. Mentres que o absolutismo defendía o dereito de soberanía do monarca por orixe divino, como sostivera Bossuet, conlevando isto a fusión de todos os poderes do Estado no monarca, o rexeitamento da necesidade de ter unha Constitución e a permanencia dos privilexios estamentais baseados na desigualdade xurídica concibindo así aos españois como súbditos. As disposicións da Constitución de Cádiz, elaborada polas Cortes Constituíntes de Cádiz, establecían que a soberanía sería popular (incluídas as colonias), do cal se derivaba o sufraxio universal como a súa forma de expresión que escollería o poder lexislativo encarnado polo Parlamento. O monarca posuía o executivo e parte do lexislativo, tendo soberanía compartida, e o xudicial nos Tribunais. A Constitución de Cádiz establecía un Estado Confesional e a igualdade de dereitos que abolía a sociedade estamental que defendía o absolutismo. Esta constitución, pedra angular do Estado de Dereito, recollía amplas liberdades individuais dos cidadáns (xa non súbditos) entre as que destacan a liberdade de Imprenta por exemplo. Esta constitución está baseada principalmente no liberalismo democrático (aínda que con certos rasgos do doutrinario como a soberanía compartida e a confesionalidade do Estado)

4º Conclusión no caso que proceda. Tratade sempre de pechar a redacción cun parágrafo conclusivo ou de peche.

A Constitución de Cádiz foi abolida por Fernando VII e estivo en vigor máis tarde e poucos anos (Trienio Constitucional e previo á do 37) pero sen dúbida marcou un fito na historia da abolición do absolutismo en España.

Pregunta 2. Análise comparativa (2,5 puntos)

Moi deficiente (0)	Resposta en branco o sen relación coa materia da pregunta
Deficiente (entre 0,1 e 0,5)	Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta Texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Insuficiente (entre 0,6 e 1,24)	Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos Redacción moi simple
Aprobado (entre 1,25 e 1,74)	Resposta na que se indican as semellanzas e diferenzas básicas entre as temáticas propostas. Texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (entre 1,75 e 2,24)	Resposta na que se indican as semellanzas e diferenzas básicas e se explica con certa profundidade polo menos UNHA delas. Redacción correcta
Sobresaliente (entre 2,25 e 2,50)	Resposta que ademais de indicar as semellanzas e diferenzas básicas, explica con certa profundidade polo menos DÚAS delas. Redacción correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado

Aclaracións sobre as posibles comparacións:

- As comparacións serán xenéricas (etapas, ideoloxías, situacións políticas...).
- Comparación entre diversos períodos históricos: poderán compararse períodos consecutivos, pero non van facerse comparacións entre períodos moi diferentes, por exemplo, nunca sería obxecto de comparación o reinado de Fernando VII e o Sexenio Democrático.
- Respondendo a preguntas concretas do profesorado aclárase tamén que non haberá comparacións entre Constitucións nin se preguntarán as etapas do reinado de Sabela II.